



Expediente 2024/CONTRAT/000036

ASUNTO: CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NO PPT E PCAP DO CONTRATO DENOMINADO “SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS”

DECRETO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 31 de maio do 2024, aprobouse o expediente administrativo para a contratación do servizo denominado “SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS”, así como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que regularán esta contratación

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE o día 4 de xuño do 2024 sendo publicado o día 5 de xuño do 2024. Publicouse tamén anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Oleiros o día 5 de xuño do 2024; rematando o prazo de presentación de ofertas o día 19 de xuño do 2024.

Advertido erro material na cláusula 12.1 do Prego de Prescricións Técnicas, dentro do criterio de adxudicación “Melloras na periodicidade”, correspondente aos Lotes 1 e 2, e téndose trasladado dito erro ao Anexo XIV e Anexo X de modelo de oferta económica para cada un destes dous lotes, e en virtude do disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, procedería a corrección do mesmo.

De conformidade co establecido no parágrafo 2º do citado precepto, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Así, dado que se trata dun simple erro material, resulta procedente corrixir o erro detectado.

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro advertido na cláusula 12.1 do Prego de Prescricións Técnicas do expediente de contratación “SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS PÚBLICOS DO CONCELLO DE OLEIROS” (2024/CONTRAT/000036), erro trasladado tamén aos Anexos X.1, X.2 e XIV do PCAP, que igualmente deben ser rectificadas, no seguinte senso:

Onde dí:

“.../...”

Melloras na periodicidade:

Por mellorar as periodicidades de labores tal e como se sinala de seguido:

Lote 1:

PERIODICIDADE	PUNTOS
De semestral a trimestral	10,00 puntos
De trimestral a mensual	10,00 puntos





<i>De mensual a semanal</i>	<i>10,00 puntos</i>
<i>Total</i>	<i>30,00 puntos</i>

Lote 2:

PERIODICIDADE	PUNTOS
<i>De semestral a trimestral</i>	<i>2,50 puntos</i>
<i>De trimestral a mensual</i>	<i>2,50 puntos</i>
<i>De mensual a semanal</i>	<i>5,00 puntos</i>
<i>Total</i>	<i>10,00 puntos</i>

.../...”

Debe dicir:

“.../...”

Melloras na periodicidade:

Por mellorar as periodicidades de labores tal e como se sinala de seguido:

Lote 1:

PERIODICIDADE	PUNTOS
<i>De anual a semestral</i>	<i>10,00 puntos</i>
<i>De semestral a trimestral</i>	<i>10,00 puntos</i>
<i>De mensual a semanal</i>	<i>10,00 puntos</i>
<i>Total</i>	<i>30,00 puntos</i>

Lote 2:

PERIODICIDADE	PUNTOS
<i>De anual a semestral</i>	<i>2,50 puntos</i>
<i>De semestral a trimestral</i>	<i>2,50 puntos</i>
<i>De mensual a semanal</i>	<i>5,00 puntos</i>
<i>Total</i>	<i>10,00 puntos</i>

.../...”

SEGUNDO.- Dar publicidade a estas correccións na Plataforma de Contratación do Sector Público aos efectos de presentación de ofertas.

TERCEIRO.- Elevar a presente resolución á vindeira Xunta de Goberno Local a fin de sometela a súa consideración e, no seu caso , ratificación.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe.

(Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

